axenda
2022

outubro | novembro | decembro | xaneiro

mocidade #culturON deporte
voluntariado eurocidade

Tomiño
CONCELLO

mocidade

#culturON

deporte

voluntariado

eurocidade

outubro

2022

voluntariado

Campaña de adopción canina e felina en colaboración con protectoras de animais da zona

01
outubro
sábado

O grupo de voluntariado vai realizar unha campaña previa de promoción da adopción canina e felina nas redes sociais e despois, xunto coas protectoras da zona, organiza unha xornada de adopción de cans e gatos na Praza do Seixo e recollida de comida/materiais para donar ás protectoras.

#voluntariado
#MóllateConnosco

De 10.00 a 14.00 h.	Praza do Seixo	Para todos os públicos	De balde

deporte

Primeira semana de outubro

Pistas de tenis municipais
O Mosteiro
e pavillón da Carballa/Goián
Maiores de 16 anos
De balde

Xornada de portas abertas. Tenis

Sábado 01 de 9.00 a 13.00 h.
Martes 04 e xoves 06 de 16.00 a 18.00 h.

Todas as persoas maiores de 16 anos poderán experimentar o beneficio da práctica do tenis, un deporte moi diverso que practican dende as nenas e nenos máis pequenos ata as persoas adultas máis maiores.

Inscricións en: www.tomino.gal

Escola de tenis

Martes e xoves de 16.00 a 20.00 h.
Sábados de 9.00 a 13.00 h.

Os beneficios do tenis son moitos, tanto para a saúde física como para a mental. É unha das actividades máis completas. As persoas que se inscriban neste campus poderán practicar este deporte da man de grandes profesionais na materia.

Inscricións en: www.tomino.gal

deporte

meses de outubro e novembro

Pistas de tenis municipais
O Mosteiro
e pavillón da Carballa/Goián
De 4 a 16 anos
De balde

voluntariado

Conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental



15
outubro
sábado

O 10 de outubro é o Día Mundial da Saúde Mental así que o grupo de voluntariado conmemora esta data cunha xornada para visibilizar a situación das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias e tamén reivindicar publicamente os dereitos deste colectivo. Haberá obradoiros, actos reivindicativos, campaña de sensibilización, conferencias.

De 10.00 a 14.00 h.	Goián	A partir de 12 anos	De balde

#culturON

Outono de libros

setembro | outubro | novembro

#culturON

30
setembro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Presentación do libro ***Parias, kellys, rebeldes. Mi periplo por una Grecia cansada*** de Antía Fernández Martínez

Achegámonos a un libro que recolle a historia persoal da autora, moi ligada á historia da propia Grecia. Creta foi o primeiro que coñeceu de Grecia durante unha breve viaxe á illa que realizou durante o seu tempo en Chipre. Foi unha viaxe peculiar, absurda ás veces, case profética. Foi coma un presentimento da historia que tería con esa illa no futuro.

Antía Fernández Martínez (O Rosal, 1992)), foi voluntaria durante anos na OMIX de Tomiño. Soubo levar á literatura cada aprendizaxe e cada vivencia dos seus anos vividos en Grecia (2016-2020), nos que habitou os diversos recunchos do país. Xa fora a traballar como *kelly* para o turismo ou a exercer labores de voluntariado, a autora destas páxinas mergullouse durante algo máis de tres anos nas profundidades dunha terra, a grega, que arrastra séculos de historia. Tal e como indica Antía, a Grecia actual é unha Grecia cansada, incapaz de librarse do seu afastado esplendor. Unha Grecia, tamén, combativa, rebelde, popular.

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros

outubro

#culturON

07
outubro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde



Presentación do libro ***Aldea Buxán*** de *Koki* Álvarez

Aldea Buxán é un libro singular, escrito por un emigrante que recorda o eido orixinario e a el retorna coa memoria cada pouco. Escribe *Koki* nunha lingua rica en léxico e matices, coloquial, verdadeira. Non é a súa unha lingua «de dicionarios», como diría Fernández del Riego, senón algo que flúe coa sinxeleza dun regueiro dos nosos montes. Neste libro hai, se nos atemos a certos matices e definicións convencionais, contos, estampas, crónicas… en fin, narracións. Vemos que a transhumancia non lle impide a *Koki* o vencello coa lingua galega e con Galicia.

Francisco Álvarez *Koki* (A Guarda, 1957), escritor e animador cultural, reside en Nova York, onde fundou o colectivo Celso Emilio Ferreiro para espallar a cultura galega. En lingua galega ten publicado, entre outros, o poemario *A memoria das palabras*, a novela *Ratas en Manhattan* e os libros infantís *Un neno na emigración* e *Vasoiras Barreiro*.

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros

#culturON

14
outubro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Presentación do libro *El mono poeta. Metamorfosis de un médico e investigador de cáncer de mama* de Jorge Cameselle

Con este libro o autor pretendía deixar unha sinxela testemuña ao persoal médico máis novo, á súa familia e amizades das dificultades que tivo que superar para compatibilizar o exercicio da medicina clínica coa investigación. A través da súa autobiografía reflexiona sobre estes problemas e suxire solucións para incentivar e mellorar as investigacións científicas no ámbito da saúde.

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros



Jorge Cameselle Teijeiro é doutor en Medicina e Cirurxía, especialista en medicina familiar e comunitaria e en anatomía patolóxica. Académico da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e director do Grupo de Investigación en Oncoloxía Clínica ADICAM, é director e guionista de cinema médico e co-autor de máis de 50 artigos en revistas médicas internacionais. Recibiu numerosos premios nacionais e internacionais polas súas investigacións sobre cancro de mama e polos seus documentais científicos. Médico de familia no centro de saúde de Tomiño en 2007 e 2008, na actualidade é interino no PAC de Cangas do Morrazo.

outubro

#culturON

21
outubro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Mónica Irago

Presentación do libro *As casualidades necesarias* de Amelia Xesteira da Cova, seudónimo de Daniel Pino

As casualidades necesarias non é só unha novela na que suceden acontecementos imprevistos na vida de todos os personaxes. Sen ser unha novela coral, presenta tipos e arquetipos, que nese xogo de azar e necesidade, esconden e delatan unha fonda introspección sociolóxica sobre o presente e o pasado dun pobo, coa mirada sen complexos na que o positivo e o negativo se entrecruzan nunha interminable relación dialéctica. Unha novela que é produto do azar e da necesidade.

Daniel Pino (Forcadela, 1943) é un sociólogo e urbanista de recoñecido prestixio nacional e internacional cun gran coñecemento da xeografía rural e urbana. Consultor de urbanismo e ordenación territorial durante máis de 30 anos e Director Xeral do IGVS durante catro, durante a súa longa vida profesional dirixiu e coordinou máis de 150 plans de urbanismo e ordenación territorial tanto en Galicia como en outras partes de España. Actualmente está dedicado, case por completo á escrita de ficción.

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros



#culturON

04
novembro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Presentación do libro *Que teñen que ver as vacas co cambio climático?* de Luisa Martínez Lorenzo

Luisa Martínez presenta ao público un libro escrito en colaboración con Marián Martínez que explica como funciona o planeta e por que os arrotos e os peidos das vacas contribúen ao cambio climático. Un libro que lonxe de ser catastrofista, fala das consecuencias do fenómeno pero tamén dá instrucións sobre como activar o superpoder das persoas consumidoras para frear o cambio climático. Un libro no que as autoras imprimiron a súa esencia e a súa visión sobre os retos que temos por diante como especie.

Doutora en Ciencias do Mar e responsable da Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia, Martínez traslada nas súas obras a enorme curiosidade e admiración que sinte dende pequena pola natureza. Publica no 2018 o seu primeiro libro, *Puf! Vaia peido!* e, dende 2019, dirixe a colección de divulgación científica Lanterna de Aristóteles.

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros

#culturON

11
novembro
venres

Ás 20.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Presentación do libro *El báculo de San Epitacio. Susana, Susana...* de Emilio Estévez Martínez

#Follas&Follas
#OutonoDeLibros

Verán de 1999. O mundo camiña cara a un novo milenio. No ambiente flota unha ilusión de reinicio. De novos tempos. Susana, unha moza nacida no País Vasco ordena e organiza minuciosamente o seu presente e o seu futuro. En cambio, é o pasado o que sae ao seu encontro. Unha viaxe á histórica cidade de Tui, ao finisterrae románico, na procura das orixes da súa defunta nai cambiaralle a vida para sempre.

Emilio Estévez Martínez (Tui, 1973) é enxeñeiro industrial de profesión, doutor en matemática aplicada e profesor universitario. Emilio tamén ocupa cargos de responsabilidade en empresas e organizacións empresariais.

#culturON

Dreaming Juliet de Elefante Elegante

08
outubro
sábado

Inspirada no *Romeo e Xulieta* de William Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana, o amor, a obra crea unha poética universal da paixón a través do teatro de movemento, da música interpretada en directo e da danza. Imaxinemos que Romeo e Xulieta non tivesen morto e que o principal obstáculo á súa relación non fose a oposición das súas familias senón as adversidades das rutinas do mundo contemporáneo. Cales serían os soños de Xulieta? Como envellecería Romeo? Que lugar nas súas vidas ficaría dispoñible para o amor?

Ás 21.00 h. | Auditorio de Goián | A partir de 12 anos | Prezo: 5 €

#culturON

16
outubro
domingo

Ás 20.00 h.
Auditorio
de Goián
Para todos
os públicos
De balde

Concerto da Coral de Tomiño

A Coral Polifónica de Tomiño comezou a súa andaina no ano 1997, da man de Teresa Clara Iglesias Ramilo, estando formada na actualidade por 30 voces mixtas. Desde a súa fundación, a agrupación polifónica percorreu as comarcas veciñas e outras moitas de Galicia, Portugal e España, participando en numerosos intercambios, encontros e concursos.

#culturON

Bailar agora de Marta Alonso Tejada

22
outubro
sábado

Bailar agora é unha sorte de imperativo cara ao posicionamento no presente social e persoal a través da danza. Un impulso por situarnos no tempo actual, no afecto e na emoción do que estamos a compartir aquí e agora bailando. A danza, o humor e a proximidade co público xeran unha atmosfera particular do cotiá, do natural, do común e do esperanzador que se se comparte na escena. Este espectáculo recibiu numerosos premios, entre eles o María Casares á mellor actriz protagonista, mellor dirección e mellor iluminación.

Ás 21.00 h.

Auditorio de Goián

A partir de 16 anos

Prezo: 5 €

mocidade

22
outubro
sábado
ata sábado 29
de outubro

Sábados
de 12.00
a 13.30 h.
Goián
A partir de
12 anos
Prezo: 10 €

Obradoiro práctico de caracterización

Tanto de cara ao Samaín como ao Entroido, neste obradoiro as persoas participantes aprenderán, de xeito práctico, diferentes técnicas de caracterización para crear personaxes de cine ou teatro utilizando maquillaxe artística e efectos especiais para crear todo o que poidades imaxinar.

#culturON

Quixote de Pedras de Cartón

23
outubro
domingo

Quixote é o segundo espectáculo de Pedras de Cartón, no que afrontan o texto de Cervantes en clave de comedia, cunha estética inspirada no pallaso clásico e no clown para representar as escenas máis icónicas da novela. Un velocípedo no que vai montado Quixote será o Rocinante, e un triciclo, será o peculiar Rucio, o asno de Sancho Panza.

Premio Certame Barroco Infantil no Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro 2021.

Ás 17.30 h.	Auditorio de Goián	Público familiar	3 € persoas adultas 1,5 € menores de 12 anos

mocidade

29
outubro
sábado

De 9.00
a 13.00 h.
Goián
Preferentemente mocidade
ata 35 anos
De balde

Obradoiro sobre podcast e podcasting

Neste curso recibiremos formación sobre o novo formato de podcast como unha nova vía de información, divertimento, comunicación, aprendizaxe etc. cuxo consumo está a aumentar dende que Spotify mercou os dereitos para poder subir podcast á súa plataforma. Coñeceremos plataformas onde subir e escoitar podcast, aplicacións gratuítas, programas de edición, Media Kit, etc.

Impartido por David Gesteira Estévez, creador do podcast *Descifrando a Historia*, que ten máis dun ano de traxectoria e foi gañador dun premio na V Edición Premios Xuventude da Deputación de Pontevedra en 2021.

novembro

2022

voluntariado

mes de novembro
en formato en liña

Datas pendentes de publicar

Xornada de formación sobre o Corpo Europeo de Solidariedade

Será en formato en liña. Ser unha persoa voluntaria e estar no noso país ou noutro, realizando actividades de voluntariado de xeito gratuíto e acadando unha experiencia marabillosa a nivel persoal e profesional, é doado. Fórmate e infórmate.

Obradoiro de conservación de alimentos

A través deste obradoiro, o alumnado asistente aprenderá a elaborar conservas de alimentos seguras e será concienciado sobre a necesidade de aplicar boas prácticas na manufactura. Este curso está dirixido ás persoas con inquedanzas particulares e/ou profesionais relacionadas coas conservas artesanais.

mocidade

05 novembro
sábado
ata sábado 12 de novembro

Sábados
de 10.00
a 14.00 h.
Mercado
de Tomiño
A partir de
12 anos
Prezo: 10 €

#culturON

O meu mundo non é deste reino de Teatro da Ramboia

12
novembro
sábado

Os feirantes Camilo e Tomás levan o mesmo espectáculo unha e outra vez polas vilas do país e carretan ás costas un enorme «tutilimundi». Abrilo convérteo nunha caixa de pandora latente pero dar vida ao que contén supón a única vía de escape dos totalitarismos que os oprimen.
A obra foi gañadora do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais e de dous María Casares á mellor adaptación e mellor dirección.
Espectáculo subvencionado pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do programa Tornar ás táboas.

Ás 21.00 h.

Auditorio de Goián

A partir de 14 anos

#culturON

O mundo máxico de Pinocho
de EducaTeatro

13
novembro
domingo

No *Mundo Máxico de Pinocho*, o público atoparase cunha curiosa adaptación ao teatro musical do clásico de Carlo Collodi. Unha historia contada a través dos ollos de Pepiño Grilo que, xunto coa fada Mimadriña, Raposo e Gato, acompañará a Pinocho no camiño de converterse nun neno de verdade. Un camiño que comeza no obradoiro de Gepetto, e que pasará pola escola, por un circo de monicreques onde un malvado titiriteiro intentará raptalo e ata pola barriga dun peixe xigante. Todo para que o protagonista aprenda que dicir mentiras ten as súas consecuencias.

Ás 17.30 h.	Auditorio de Goián	A partir de 2 anos	5 € persoas adultas 2,5 € menores de 12 anos

◇ mocidade

Converte as túas habilidades en «SúperPoderes» e constrúe o teu futuro coa metodoloxía LEGO® SERIOUS PLAY®

19
novembro
sábado

Obradoiro fundamentalmente práctico e vivencial cunha metodoloxía baseada no poder do coñecemento que xorde da conexión entre as mans e a mente. O método LEGO® SERIOUS PLAY® céntrase no principio de que todas as persoas temos algo único e valioso que aportar, unha técnica que funciona especialmente ben ante desafíos complexos.

Neste obradoiro a mocidade participante vai indagar e acadar un coñecemento das súas habilidades ou «SúperPoderes» para así abrir un camiño de posibilidade cara ao futuro persoal e/ou profesional, xogando seriamente e de xeito creativo.

De 9.30 a 14.00 h.	Goián	A partir de 16 anos	Prezo: 15 €

#culturON

19
novembro
sábado

Ás 12.00 h.
Mercado
de Tomiño
Para todos
os públicos
De balde

Obradoiro sobre música represaliada con Xurxo Souto

A través do programa da Deputación de Pontevedra O Pasado está por vir conmemoraremos o día de Santa Icía, patroa da música, con este obradoiro que servirá para tomar conciencia de como o imaxinario que impuxo a ditadura franquista segue a funcionar e a definir en parte o presente. Búscase descubrir o esplendor musical que lle roubaron á sociedade facendo un percorrido polos proxectos musicais destruídos tras o golpe de Estado de 1936 e reivindicar a dignidade das persoas artistas que sufriron a represión neses días de barbarie. Partirase de diferentes testemuños orais e dalgunha referencia literaria coa pretensión de que esas achegas sirvan de estímulo para que as persoas que participen no obradoiro conten as historias das e dos artistas da súa contorna.

Impartido por Xurxo Souto, cantante, acordeonista, escritor, actor, director e locutor galego. É licenciado en Filoloxía Clásica, pero a súa actividade máis coñecida foi a de líder e vocalista de Os Diplomáticos de Monte-Alto, actualmente voz e acordeón de Os Tres Trebóns.

#culturON

19
novembro
sábado

Ás 19.30 h.
Auditorio
de Goián
Para todos
os públicos
De balde

Concerto de Santa Icía

Tradicional concerto de Santa Icía da Agrupación Musical de Goián, que cada ano sorprende ao público coa súa posta en escena. Presentaranse ás e aos novos músicos que, tras anos de formación na escola de música e na banda xuvenil, pasan a formar parte da agrupación.

#culturON

Cubo de Elefante Elegante

20
novembro
domingo

Nun misterioso cubo, dúas persoas moi diferentes son quen de vivir en harmonía pero, aínda que sempre conseguiron poñerse de acordo, esta vez a situación semella complicada. O espectáculo evoca a amizade, as separacións, a necesidade de coñecemento e a aventura, de medrar desde a igualdade, rompendo os arquetipos de xénero. As imaxes suxeridas polo texto, a evocación da música e a axilidade do xogo físico crean un universo cómico e poético que viaxa dende a fantasía ata o nacemento da curiosidade humana.

Ás 17.30 h.	Auditorio de Goián	A partir de 3 anos	3 € persoas adultas 1,5 € menores de 12 anos

voluntariado

26
novembro
sábado

De 10.00
a 14.00 h.
Goián
A partir de
12 anos
De balde

Día Internacional de Loita contra os Trastornos Alimentarios

O grupo de voluntariado quere visibilizar, sensibilizar e mellorar o tratamento dos trastornos alimentarios, enfermidades complexas que afectan especialmente a mulleres novas, aínda que tamén a homes, nenos e nenas ou mulleres adultas, e que xeran moito sufrimento ás persoas que os sofren e ás súas familias.

Curso de Lingua de Signos Española nivel elemental A1

O curso de Lingua de Signos Española A1 non require de ningún coñecemento previo. É un curso de 30 horas de duración no que se traballan as destrezas principais da lingua: a expresión, a interacción e a comprensión signada. O curso é moi práctico sendo necesaria a participación activa do alumnado.

mocidade

26
novembro
sábado
ata sábado 04
de marzo

Sábados de
12.00 a 14.00 h.
Goián
A partir de
12 anos
Prezo: 15€



novembro

#culturON

#2Pilgrims de Redrum Teatro



26
novembro
sábado

Lembrades a Sheyla Fariña e a Guillermo Carbajo? Nalgún momento das súas vidas foron persoas recoñecidas polos seus traballos na televisión, pero agora as súas carreiras están acabadas. Grazas á globalización, ás redes sociais, a Netflix e a un ditador psicópata, quizais lles quede unha última oportunidade que retornar a ese firmamento de estrelas. O Camiño de Santiago, a igualdade e as novas masculinidades serán os temas principais do proxecto *#2Pilgrims*, unha aventura cativadora que poderá catapultar as súas carreiras á actualidade internacional.

Ás 21.00 h.	Auditorio de Goián	Público adulto en xeral e adolescente en particular	Prezo: 3 €

decembro

2022

#culturON

11
decembro
domingo

Ás 19.00 h.
Auditorio
de Goián
Para todos
os públicos
De balde

Concerto da Coral de Tomiño

A Coral Polifónica de Tomiño está formada na actualidade por 30 voces mixtas e participou en numerosos intercambios, encontros e concursos.

Curso monográfico de cestería

Curso básico onde se darán datos detallados sobre a peza/s a tratar e sobre a identificación das materia primas que se empreguen. Cada participante aprenderá a confeccionar, crear e compoñer a súa propia peza/s, coa guía que achegue o docente.

mocidade

17
decembro
sábado

De 10.00 a
13.00 h. e de
16.00 a 20.00
h.
Goián
A partir de
12 anos
Prezo: 10 €

#culturON

#ONadal

decembro

18/12 domingo
Concerto de Nadal da Agrupación Musical de Goián

26/12 luns
O Nadal no Mercado:
Arte e contos no Nadal.
Obradoiro infantil
de Migallas teatro

29/12 xoves
O Nadal no Mercado:
Carabranca
de Compañía Eléctrica

xaneiro

03/01 martes ata mércores 04
Inchables na Praza do Seixo

05/01 xoves
Cabalgata de Reis
(Saída dende O Alivio)

Todas as actividades son de balde

#culturON

18
decembro
domingo

Ás 18.00 h.
Auditorio
de Goián
Todos
os públicos
De balde

Concerto de Nadal da Agrupación Musical de Goián

Chega o tradicional Concerto de Nadal, o último concerto do ano e un dos máis especiais para a entidade, xa que nel participa boa parte do alumnado da Escola de Música, dende os máis pequenos do xardín musical ata a banda infantil e xuvenil.

Nadal voluntario, Nadal solidario

En colaboración co Centro de Día de Tomiño e coas residencias de maiores do concello levaremos a cabo unha campaña de voluntariado para que persoas de Tomiño lles acheguen un agasallo e postal personalizada no Nadal a todas as persoas maiores usuarias destes centros.

Prazo de entrega de postais e agasallo: 13 de decembro.

voluntariado

25
decembro
sábado

Todo o día
Centros
de maiores
do municipio
Todas
as idades
De balde

#culturON

#ONadal

O Nadal no Mercado

26 e 29 de decembro

Arte e contos no Nadal. Obradoiro infantil

de Migallas Teatro

Arte e contos no Nadal é unha sesión de contos onde as persoas participantes escoitarán contos relacionados coa temática do Nadal e, ao rematar a sesión de narración oral, realizarán actividades artísticas utilizando diversas técnicas.

#culturON

26
decembro
luns

Ás 11.30 h.
Mercado
de Tomiño
Público infantil
De balde

decembro

#culturON

Carabranca de Compañía Eléctrica

29 decembro
xoves

Carabranca é un espectáculo de narración oral pola igualdade interpretado por Iria Pinheiro, licenciada en psicopedagoxía e actriz (Premio María Casares mellor actriz e mellor texto orixinal 2019 e Premio Maruxa Villanueva á interpretación 2019) e baseado nun conto de Iván Sende. Carabranca é unha nena pirata que logra todo o que se propón, desafiando calquera perigo marítimo e terrestre. A partir do teatro de obxectos a actriz conta unha historia na que se entrelazan as aventuras co ánimo de superación e valores que fomentan a igualdade.

Ás 11.30 h.	Mercado de Tomiño	Público infantil	De balde

xaneiro

2023



xaneiro

#culturON

Inchables

03 e 04 xaneiro
martes e mércores

Un ano máis a Praza do Seixo volverá a converterse nun dos centros do Nadal en Tomiño cunha carpa na que as nenas e nenos poderán desfrutar de inchables e pintacaras, entre outras actividades.

#ONadal

De 16.00 a 20.00 h.	Praza do Seixo	Público infantil	De balde

#culturON

Cabalgata de Reis

05
xaneiro
xoves

Como cada ano, a tradicional Cabalgata de Reis terá lugar o 5 de xaneiro.

#ONadal

A partir das 16.30 h.	Saída do Alivio	Público infantil e familiar	De balde

voluntariado

As nosas follas non caen, énchense de ideas

#MóllateConnosco

voluntariado

outo-no

Mocidade de 15 a 35 anos en xeral e voluntariado en particular

Comunicación de guerrilla

No noso concello unha das actividades previstas é a de comunicación de guerrilla dentro do proxecto People and Planet: un destino común, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa DEAR.

Únete á guerrilla!

O obxectivo do proxecto é chamar á reflexión sobre a sustentabilidade vinculada coa auga como dereito humano fundamental e sobre impacto que xeran as dificultades no acceso á auga a nivel global e como inflúe esta carencia nas sociedades do Sur. E queremos facelo empregando técnicas da comunicación de guerrilla, coa complicidade dun grupo de 15 persoas, de entre 15 e 35 anos, do concello.

Estas persoas participarán nunha formación de 6 h. (3 obradoiros de 120 minutos) na que aprenderán técnicas básicas de comunicación de guerrilla, reflexionarán sobre o Dereito Humano á Agua e sobre as consecuencias da mala xestión dos recursos naturais, escollerán un tema local sobre o que deseñar unha acción pública de denuncia ou sensibilización e definirán e executarán esa acción de guerrilla final, nun espazo público da localidade, converténdose en axentes do cambio.

Inscríbete!!

#voluntariado
#MóllateConnosco

voluntariado

outo-no

Mocidade de 15 a 35 anos en xeral e voluntariado en particular

Actividades de promoción de *#voluntariado*

Realización dun vídeo de promoción do voluntariado local e europeo. Este vídeo será de carácter profesional (é dicir, gravado e editado por unha persoa experta). No mesmo, amosaranse as posibilidades que ten a mocidade tomiñesa para realizar programas de voluntariado en Tomiño e/ou en calquera lugar de Europa de xeito gratuíto e cunha chea de vantaxes.

voluntariado

Faite voluntario/a!

#voluntariado
#MóllateConnosco

voluntariado

Se estás a participar no programa municipal de voluntariado, faite xa co teu carné!

O carné de voluntariado da OMIX de Tomiño ten unha unha tripla función:

- Acreditar á mocidade voluntaria o exercicio das tarefas que lle foron encomendadas nesa condición.

- Materializar o recoñecemento e valoración social da acción voluntaria.

- Dar acceso á persoa posuidora do mesmo dunha serie de bonificacións ou reducións nalgúns servizos municipais e proximamente no uso se servizos e compras no ámbito privado.

Como conseguilo?

A OMIX de Tomiño será o servizo encargado de expedir o dito carné tras a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos que estará en vigor ata o abandono da actividade voluntaria, polo uso fraudulento do carné ou por petición expresa da persoa voluntaria.

Que requisitos debes cumprir?

- Realizar de xeito activo algún tipo de voluntariado enmarcado nun programa ou proxecto de ámbito municipal.

- Estar dado/a de alta como voluntario/a cubrindo o modelo de acordo para tal fin.

- Acreditar que a dita actividade vén realizándose cunha antigüidade mínima de seis meses.

eurocidade

Cerveira ÷ Tomiño

EUROCIDADE

eurocidade

01
outubro
sábado

ata mércores
31 de maio

De luns a
venres de 9.00
a 12.30 h. e de
13.30 a 17.00 h.
(hora portuguesa)
Arquivo Munici-
pal de Cerveira

Arquivo particular de João Manuel Rocha

Exposición «O baú cerveirense da guerra colonial (1961-1974)»

O 15 de marzo de 1961 unha masacre no norte de Angola estalou nun conflito que durou máis dunha década e marcou a varias xeracións de portugueses, mais tamén angolanos, mozambicanos e guineanos. Foi coñecida na historia como a Guerra Colonial.

Durante 13 anos, miles de mozos portugueses foron mobilizados para unha guerra que non querían loitar. Moitos deles non volveron e, noutros casos, as marcas físicas e psicolóxicas persisten ata hoxe.

A Guerra Colonial tivo lugar nas colonias de Mozambique, Guinea e Angola dende 1961 ata 1974. Enfrontáronse as Forzas Armadas Portuguesas e as forzas organizadas polos movementos de liberación de cada unha destas colonias.

Despois de 61 anos, o obxectivo desta exposición é lembrar aos excombatentes de Cerveira que estiveron na fronte. A exposición presenta algúns documentos da época, fotografías, uniformes, entre outros materiais, que evocan a súa memoria.

outubro

eurocidade

ata 31 decembro
sábado

Aberto todos os días de 14.00 a 23.00 h.
(hora portuguesa)
Museu Bienal de Cerveira e outros espazos

XXII Bienal Internacional de Arte de Cerveira

A través do lema «We must take action! / Devemos agir!» (Debemos actuar!) a Bienal pretende reflexionar sobre temas urxentes como o medio ambiente e a sustentabilidade, un reto que lanzan á comunidade artística e á cidadanía en xeral. Organizada pola Fundação Bienal de Arte de Cerveira co apoio da Câmara Municipal e da República Portuguesa - Cultura | Direção-Geral das Artes.

+Espazos: Fórum Cultural de Cerveira, Biblioteca Municipal, Convento San Payo e espazo público.

+info: www.bienaldecerveira.pt

novembro

eurocidade

18 e 19 novembro
venres e sábado

Venres ás 16.00 h. e sábado ás 18.00 h.
(hora portuguesa)
Auditório do Fórum Cultural de Cerveira

Conferencia internacional «We must take action!» #3 «O ensino artístico no desenho do futuro da arte»

Conferencia organizada pola Fundação Bienal de Arte de Cerveira co apoio da Câmara Municipal e da República Portuguesa - Cultura | Direção-Geral das Artes.

Transmisión en directo nas redes sociais.

eurocidade

06
decembro
martes

ata domingo
25 de decembro

Horarios a consultar no seu programa
Centro histórico de Cerveira

Nadal

O espírito do Nadal volve á Vila Nova de Cerveira. O Concello de Cerveira presentará tres fins de semana de decembro cheos de actividades para cativos, cativas e maiores, froito dunha grande implicación de comercios e asociacións locais. O programa destaca a tradicional iluminación das rúas e edificios, os concertos, o mercado de Nadal, o teatro e a animación de rúa, sen esquecer a ilustre e inevitable presenza de Papá Noel.

Ano Novo 2022-2023

A Câmara Municipal, co apoio dos comerciantes da comarca, organiza a «Festa de Passagem de Ano», un evento que busca reunir á veciñanza e visitantes nunha exquisita despedida do ano e dar a benvida ao Aninovo.

eurocidade

31
decembro
sábado

Horario a consultar no seu programa

outono

axenda
2022

programación
por áreas

mocidade

outubro

22/10 sábado
ata sábado 29 de outubro
Obradoiro práctico de caracterización

29/10 sábado
Obradoiro sobre podcast e podcasting

novembro

05/11 sábado
ata sábado 12 de novembro
Obradoiro de conservación de alimentos

19/11 sábado
Converte as túas habilidades en «SúperPoderes» e constrúe o teu futuro coa metodoloxía LEGO® SERIOUS PLAY®

26/11 sábado
ata sábado 04 de marzo
Curso de Lingua de Signos Española nivel elemental A1

decembro

17/12 sábado
Curso monográfico de cestería

#culturON

setembro

30/09 venres
Presentación do libro *Parias, kellys, rebeldes. Mi periplo por una Grecia cansada* de Antía Fernández Martínez
#OutonoDeLibros

outubro

07/10 venres
Presentación do libro *Aldea Buxán* de *Koki* Álvarez
#OutonoDeLibros

08/10 sábado
Dreaming Juliet de Elefante Elegante

14/10 venres
Presentación do libro *El mono poeta. Metamorfosis de un médico e investigador de cáncer de mama* de Jorge Cameselle
#OutonoDeLibros

16/10 domingo
Concerto da Coral de Tomiño

21/10 venres
Presentación do libro *As casualidades necesarias* de Amelia Xesteira da Cova, seudónimo de Daniel Pino
#OutonoDeLibros

22/10 sábado
Bailar agora de Marta Alonso Tejada

23/10 domingo
Quixote de Pedras de cartón

novembro

04/11 venres
Presentación do libro *Que teñen que ver as vacas co cambio climático?* de Luisa Martínez Lorenzo
#OutonoDeLibros

11/11 venres
Presentación do libro *El báculo de San Epitacio. Susana, Susana...* de Emilio Estévez Martínez
#OutonoDeLibros

12/11 sábado
O meu mundo non é deste reino de Teatro da Ramboia

13/11 domingo
O mundo máxico de Pinocho de EducaTeatro

19/11 sábado
Obradoiro sobre música represaliada con Xurxo Souto

19/11 sábado
Concerto de Santa Icía

20/11 domingo
Cubo de Elefante Elegante

26/11 sábado
#2Pilgrims de Redrum Teatro

decembro

11/12 domingo
Concerto da Coral de Tomiño
#ONadal

18/12 sábado
Concerto de Nadal da Agrupación Musical de Goián
#ONadal

26/12 luns
Arte e contos no Nadal. Obradoiro infantil de Migallas Teatro
#ONadalNoMercado
#ONadal

29/12 xoves
Carabranca de Compañía Eléctrica
#ONadalNoMercado
#ONadal

xaneiro

03/01 martes e
04/01 mércores
Inchables
#ONadal

05/01 xoves
Cabalgata de Reis
#ONadal

deporte

outubro

01/10 sábado
Xornada de portas abertas. Tenis

04/10 martes
Xornada de portas abertas. Tenis

06/10 xoves
Xornada de portas abertas. Tenis

meses de outubro e novembro
Escola de tenis

voluntariado

outubro

outubro
Comunicación de guerrilla

outubro
Actividades de promoción de *#voluntariado*

01/10 sábado
Campaña de adopción canina e felina en colaboración con protectoras de animais da zona

15/10 sábado
Conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental

novembro

En liña datas pendentes
Xornada de formación sobre o Corpo Europeo de Solidariedade

26/11 sábado
Día Internacional de Loita contra os Trastornos Alimentarios

decembro

25/12 sábado
Nadal voluntario, Nadal solidario
#ONadal

eurocidade

outubro

01/10 **sábado**
ata mércores 31 de maio
Exposición «O baú cerveirense da guerra colonial (1961-1974)»

ata 31/12 **sábado**
XXII Bienal Internacional de Arte de Cerveira

novembro

18/11 **venres** e
19/11 **sábado**
Conferencia internacional «We must take action!» #3

decembro

06/12 **martes**
ata domingo 25 de decembro
Nadal

31/12 **sábado**
Ano Novo 2022-2023



Inscricións:

www.tomino.gal

omix@tomino.gal

+34 986 622 001

Praza do Seixo, 1
36740 Tomiño

Distribución gratuíta

Poden existir alteracións
da programación e
calendario desta axenda

Tomiño
CONCELLO

XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xacobeo 21·22

AGADIC
Axencia Galega das Industrias Culturais